



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

### **CIRCULAR 78-2026.**

## **XXXVIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS ABSOLUTO**

**Art.1).-** A Federación Galega de Atletismo organiza, o 2 de maio no CGTD de Pontevedra, o Campionato Xunta de Galicia de Clubs ao aire libre.

**Art.2).-** Poderán intervenir un total de 8 clubs masculinos e femininos, estando convidados de forma directa os catro primeiros clasificados do Campionato de Galicia de Clubs da tempada 2025:

| HOMES                       | MULLERES                                |
|-----------------------------|-----------------------------------------|
| <b>S.G. Pontevedra</b>      | <b>Sanysec - Club Ourense Atletismo</b> |
| <b>R.C. Celta</b>           | <b>S.G. Pontevedra</b>                  |
| <b>Club Atletismo Naron</b> | <b>At. Femenino Celta</b>               |
| <b>Marineda Atletico</b>    | <b>Club Atletismo Naron</b>             |

Todos estes clubs deberán confirmar a súa participación antes das 23:45h do luns 20 de abril enviado un correo electrónico á seguinte dirección:

[direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)

O resto dos Clubs clasificaranse por estadillo de marcas segundo a Táboa WA 2025 de Aire Libre a un atleta por proba e coas mesmas condicións establecidas no art. 3.

- Presentación a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45h do luns 20 de abril.
  - En caso de ter problemas coa presentación de marcas de clubs asociados, contactade con tempo coa RFEA: [ajimenez@rfea.es](mailto:ajimenez@rfea.es)
- En caso de empate, resolverase en favor do club que teña maior puntuación nunha proba individual; de persistir o empate, en favor do que obteña a segunda mellor puntuación e así sucesivamente.
- As probas a presentar no estadillo son as seguintes:

#### **Homes:**

100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000 (ou 5.000\*), 110v., 400v., 3.000 Obs., altura, lonxitude, triplo, pértiga, peso, disco, martelo, xavelina e 5.000 marcha\* (ou 10.000 marcha)\*.

#### **Mulleres:**

100, 200, 400, 800, 1.500, 3.000 (ou 5.000\*), 100v., 400v., 3.000 Obs., altura, lonxitude, triplo, pértiga, peso, disco, martelo, xavelina e 5.000 marcha\* (ou 10.000 marcha)\*.

*\*Serán válidas tamén as súas homólogas en ruta.*

Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026, tanto en aire libre como en pista curta, por atletas que, no momento do peche do prazo de presentación do estadillo, teñan licenza en vigor polo club participante ou por un club asociado, aínda que ditas marcas fosen acadadas defendendo a outro club durante a tempada 2025.



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

**Art.3).-** Poderán participar os/as atletas pertencentes aos clubs participantes e aos seus asociados, coas seguintes limitacións:

- Cada atleta só poderá participar nunha proba individual e nunha remuda, ou nas dúas remudas.
- Non poderán participar atletas da categoría Sub 14 e inferiores.
- **Categoría Sub18:** poderán participar nas probas autorizadas para dita categoría. No caso de participar nunha carreira e nalgunha remuda, a suma das distancias non pode exceder dos 510m.
- **Categoría Sub16:** poderán participar na remuda 4x100 ou nunha proba individual, sempre que esta sexa autorizada para dita categoría.

| Nº Máximo de Participacións por Club |              |
|--------------------------------------|--------------|
| Asociados                            | Estranxeiros |
| 6                                    | 5*           |

*\*(Non contabilizan atletas das categorías Sub 16 e Sub 18)*

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.

- ❖ No 100 extra poderán participar atletas pertencentes aos equipos participantes, sempre que non fagan proba individual e se atopen inscritos no 4x100 e/ou 4x400.
  - Non computa dentro do límite de probas a realizar.

**Art.4).-** Prazo de reclamacións e renuncias.

- Rematará ás 14:00 horas do xoves 23 de abril e serán remitidas a [eventos@atletismo.gal](mailto:eventos@atletismo.gal)
- Aqueles clubs que, non estando entre os equipos provisionalmente clasificados, queiran renunciar á posibilidade de acadar praza na listaxe definitiva, deberán comunicalo neste mesmo prazo.

**Art.5).-** As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 27 de abril.

- Cada Club deberá realizar inscrición nun mínimo de 15 probas, non sendo admitidos no Campionato aqueles que non cubran dito mínimo.
- As inscricións para o 100 extra realizaranse xunto co 100 do Campionato, indicando "extra" no campo observacións.

**Art.6).-** O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de **5 trocos** na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas. Os cambios efectuados nas probas de remudas non se contabilizarán.

**Art.7).-** Reunión técnica cos delegados dos clubs na zona de meta ás 9:45

- Elección de táboas do triplo (ata un máximo de 3)
- Outras consideracións a determinar polo Xuíz Árbitro ou os delegados.

**Art.8).-** En lanzamentos e saltos horizontais os/as atletas disporán de 6 intentos, sen cambio de orde.

**Art.9).-** Cadencias nos saltos verticais.

Comezarase, dentro da cadencia, na altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permita a instalación:

|                         |                                   |
|-------------------------|-----------------------------------|
| <b>Altura mulleres</b>  | <b>-10/1.33/1.38/1.42/ + 3 cm</b> |
| <b>Altura homes</b>     | <b>-10/1.62/1.67/1.71/ + 3 cm</b> |
| <b>Pértega mulleres</b> | <b>-20/2.71/ +10 cm</b>           |
| <b>Pértega homes</b>    | <b>-20/3.51/ + 10 cm</b>          |

**Art.10).-** O sorteo de estaxes e orde de actuación publicarase unha vez se comunique a totalidade de clubs clasificados e atenderá á seguinte táboa:

| <b>HOMES/MULLERES</b>           | <b>I</b> | <b>II</b> | <b>III</b> | <b>IV</b> | <b>V</b> | <b>VI</b> | <b>VII</b> | <b>VIII</b> |
|---------------------------------|----------|-----------|------------|-----------|----------|-----------|------------|-------------|
| <b>100-PESO</b>                 | 1        | 2         | 3          | 4         | 5        | 6         | 7          | 8           |
| <b>200-3000-DISCO</b>           | 2        | 3         | 4          | 5         | 6        | 7         | 8          | 1           |
| <b>400-3000 OBS.-XAVELINA</b>   | 3        | 4         | 5          | 6         | 7        | 8         | 1          | 2           |
| <b>800 . MARCHA</b>             | 4        | 5         | 6          | 7         | 8        | 1         | 2          | 3           |
| <b>1500-LONXITUDE-PÉRTEGA</b>   | 5        | 6         | 7          | 8         | 1        | 2         | 3          | 4           |
| <b>400 V. -ALTURA</b>           | 6        | 7         | 8          | 1         | 2        | 3         | 4          | 5           |
| <b>100/110 V. -TRIPLO-4X400</b> | 7        | 8         | 1          | 2         | 3        | 4         | 5          | 6           |
| <b>MARTELO-4X100</b>            | 8        | 1         | 2          | 3         | 4        | 5         | 6          | 7           |

**Art.11).-** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.12).-** A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás nas probas de xavelina, para as que pechará 1h30' antes do seu inicio.

**Art.13).- Cámara de chamadas.**

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Peché da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

| SAÍDA A PISTA                          |     |
|----------------------------------------|-----|
| Minutos antes da hora oficial da proba |     |
| Carreiras e marcha                     | 5'  |
| Valos e remudas                        | 7'  |
| Concursos                              | 25' |
| Pértega                                | 35' |

**Art.14).- O sistema de puntuación por proba establecerase por postos, atendendo ao seguinte sistema:**

1º: N+1, 2º: N-1; 3º: N-2... etc., sendo N o número de clubs participantes.

En caso de empate repartíranse os puntos entre os clubs implicados.

Aqueles atletas ou equipos que non obteñan una marca válida na súa proba ou sexan descualificados non puntuarán.

Aqueles clubs que non acaden 15 participacións, non tomarán parte da clasificación final. En dito caso, non se alterarán as puntuacións obtidas polos restantes clubs.

Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos.

En caso de empate a puntos na clasificación final, resolverase en favor do club que teña máis primeiros postos; de persistir o empate, en favor do que obteña máis segundos postos e así sucesivamente.

**Art.15).- Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.**

**Art.16).- Horario da competición.**

| CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS ABSOLUTO - XORNADA DE MAÑÁ |             |           |         |              |        |         |      |
|-----------------------------------------------------------------|-------------|-----------|---------|--------------|--------|---------|------|
| HORA                                                            | PROBA       | CATEGORÍA | TRIPLLO | LANZ. LONGOS | ALTURA | PÉRTEGA | PESO |
| 10:30                                                           |             |           |         | Martelo Masc |        |         |      |
| 10:40                                                           | 5000 Marcha | Masc      | Fem     |              |        |         |      |
| 10:45                                                           |             |           |         |              |        |         | Fem  |
| 11:20                                                           | 5000 Marcha | Fem       |         |              |        |         |      |
| 11:55                                                           |             |           |         | Martelo Fem  |        |         |      |
| 12:05                                                           | 100 Extra   | Masc      |         |              |        |         |      |
| 12:10                                                           |             |           |         |              | Masc   |         |      |
| 12:15                                                           | 100 Extra   | Fem       | Masc    |              |        |         |      |
| 12:30                                                           | 100         | Masc      |         |              |        | Fem     |      |
| 12:38                                                           | 100         | Fem       |         |              |        |         |      |
| 12:50                                                           | 400 mv      | Masc      |         |              |        |         |      |
| 13:00                                                           | 400 mv      | Fem       |         |              |        |         |      |
| 13:10                                                           | 800         | Masc      |         |              |        |         |      |
| 13:18                                                           | 800         | Fem       |         |              |        |         |      |
| 13:20                                                           |             |           |         | Disco Masc   |        |         |      |
| 13:30                                                           | 4x100       | Masc      |         |              |        |         |      |
| 13:40                                                           | 4x100       | Fem       |         |              |        |         |      |

| CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS ABSOLUTO - XORNADA DE TARDE |          |           |           |               |        |         |      |
|------------------------------------------------------------------|----------|-----------|-----------|---------------|--------|---------|------|
| HORA                                                             | PROBA    | CATEGORÍA | LONXITUDE | LANZ. LONGOS  | ALTURA | PÉRTEGA | PESO |
| 16:45                                                            |          |           | Masc      | Disco Fem     |        |         | Masc |
| 17:00                                                            |          |           |           |               |        |         |      |
| 17:15                                                            | 110 mv   | Masc      |           |               |        | Masc    |      |
| 17:25                                                            | 100 mv   | Fem       |           |               |        |         |      |
| 17:40                                                            | 400      | Masc      |           |               |        |         |      |
| 17:49                                                            | 400      | Fem       |           |               |        |         |      |
| 17:58                                                            | 200      | Masc      |           |               |        |         |      |
| 18:06                                                            | 200      | Fem       |           |               |        |         |      |
| 18:10                                                            |          |           |           | Xavelina Masc | Fem    |         |      |
| 18:15                                                            | 1500     | Masc      |           |               |        |         |      |
| 18:20                                                            |          |           | Fem       |               |        |         |      |
| 18:25                                                            | 1500     | Fem       |           |               |        |         |      |
| 18:35                                                            | 3000 Obs | Masc      |           |               |        |         |      |
| 18:50                                                            | 3000 Obs | Fem       |           |               |        |         |      |
| 19:10                                                            | 3000     | Masc      |           |               |        |         |      |
| 19:25                                                            | 3000     | Fem       |           |               |        |         |      |
| 19:30                                                            |          |           |           | Xavelina Fem  |        |         |      |
| 19:50                                                            | 4x400    | Masc      |           |               |        |         |      |
| 20:02                                                            | 4x400    | Fem       |           |               |        |         |      |

**Art.17).- Establécense as seguintes recargas e penalizacións:**

- Inscripcións fóra de prazo: 25 € por equipo. Deberán ser enviadas a [eventos@atletismo.gal](mailto:eventos@atletismo.gal) para a súa valoración.
- Aqueles clubs que, logo do prazo de reclamacións e renuncias, comuniquen a súa baixa ou non participen da competición, terán unha penalización de 50€ por equipo.

**Art.18).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da FGA, RFEA e World Athletics.**

A Coruña, a 24 de marzo do 2026

Yolanda González Fernández  
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo